

CURRICULUM VITAE

Emilio Lede Abal nace en Barro (Pontevedra) e comeza os seus estudos musicais da man do seu pai. Estuda piano e óboe, máis tarde composición con Joám Trillo –que esperta o seu interese pola análise– e finalmente musicoloxía.

As súas liñas de investigación céntranse na edición musical, na historia da harmonía, na relación da análise coa interpretación e nas correspondencias entre a música e as demais artes. Escribiu artigos para as revistas *Relafare*, *Cuatro42*, *Diapente*, *Sul Ponticello* e *Sexto Orden*, deu conferencias no CGAC de Santiago de Compostela, no Museo de Belas Artes da Coruña, na galería de arte *Lilliput*, no Conservatorio Superior de Música de Vigo e na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, impartíu cursos no MARCO de Vigo, no Conservatorio Profesional de Santiago, no Superior de Vigo e na ESMAE do Porto, e no ano 2012 publicou o libro *Análisis musical y guía para la interpretación. Partita para flauta sola BWV 1013 de J. S. Bach. Sonata para flauta sola de C. Ph. E. Bach (Dos Acordes)*, presentado na ESMUC de Barcelona no marco da II Convención da Asociación de Fautistas de España.

No curso 2014-2015 realizou un Máster en Investigación Musical na Universidade Internacional de Valencia (VIU), cuxo traballo final –*Edición crítica de la Missa Charitatis de Jan Dismas Zelenka: forma original y relación con la Missa Nativitatis Domini*– obtivo a máxima cualificación. Entre 2014 e 2018 ensinou musicoloxía no Conservatorio Superior de Música de Vigo e actualmente é profesor do Departamento de Composición do Conservatorio Superior de Música da Coruña e traballa como editor independente. Vén de publicar arranxos de pezas de Haydn (Befoco) e Chaikovski (Egge, Resonata, Edizioni Eufonia), e edicións de obras de Widerkehr (Cornetto, Ebenos), Druschetzky (Da Vinci) e Barth (Egge); proximamente sairán do prelo edicións súas de pezas de Zabala, Guelbenzu e López Juarranz (Da Vinci), de Druschetzky (Ebenos), Bretón (Boileau), Monasterio (Tritó) e Zelenka (Kunzelmann), así como tamén un arranxo dunha peza de Mahler (Resonata).